

ALUMNADO DE 2º BACH - MAIO 2021

IES DAVID BUJÁN
Curso 2020/2021

INDICE:

1. Procedemento para a matrícula
2. ABAU
3. Sistema de cualificación
4. Publicación das cualificacións das ABAU
5. Proceso de admisión e matrícula en centros con límite de prazas
6. Direccións de interese
7. Consellos prácticos
8. Becas e residencias universitarias
9. Proceso de admisión e matrícula en ciclos formativos de grao superior

1. PROCEDEMENTO PARA A MATRÍCULA

Convocatoria ordinaria

Do 20 ao 24 de maio será o período de prematrícula na ABAU, entregarase a cada alumno/a un resgardo de matrícula e as instrucións sobre a aplicación NERTA. O código de activación da conta en NERTA seralles remitido por e-mail.

O 21 de maio, charla con César Docanto e Eva Sanz

Convocatoria extraordinaria

Do 14 ao 30 de xuño os/as que aproben 2º bacharelato na convocatoria extraordinaria terán que matricularse e aqueles da convocatoria ordinaria que desexen mellorar as cualificacións.

2. PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)

Convocatoria ordinaria

Realización dos exercicios da ABAU: Os exames terán lugar os días 8,9 e 10 de xuño, en xornada de mañá e tarde.

https://ciug.gal/PDF/ABAU2021/anexolll_horario.pdf

Convocatoria extraordinaria

Realización dos exercicios da ABAU: os exames terán lugar os días 13, 14 e 15 de xullo

Lugar.

(Comisión delegada N°15) Campus de Elviña, 15008 A Coruña. Tlf: [881 01 14 72](tel:881011472)

C.D. 15	Código SASUG	Código Xunta	ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos. Campus de Elviña. Coruña	
	134	15027903	IES Blanco Amor	Culleredo
	155	15026406	IES Eduardo Pondal de Ponteceso	Ponteceso
	162	15026704	IES David Buján	Cambre
	188	15032935	IES Rego de Trabe	Culleredo
	194	15025621	EPAPU Eduardo Pondal	A Coruña
	537	15011002	CPR Plurilingüe Hijas de Cristo Rey	Oleiros
	905	15024513	CIFP Someso	A Coruña
	932	15027800	CIFP Imaxe e Son	A Coruña
	986	15005506	Escola de Arte Pablo Picasso	A Coruña

https://ciug.gal/PDF/ABAU2021/anexoll_CD.pdf

Horario

Consulta o documento en: https://ciug.gal/PDF/ABAU2021/anexoIII_horario.pdf

HORARIO	Martes 8 xuño	HORARIO	Mércores 9 xuño	Xoves 10 xuño
9,00-10,00	Presentación	9,00-10,30	Lingua Galega e Literatura II	Bioloxía Historia da Arte
10,00-11,30	Historia de España	10,30-11,00	Descanso	Descanso
11,30-12,00	Descanso	11,00-12,30	Primera Lingua Estranxeira II	Física Xeografía Cultura Audiovisual II
12,00-13,30	Lingua castelá e literatura II	12,30-13,00	Descanso	Descanso
13,30-15,30	Descanso	13,00-14,30	Matemáticas II Latín II	Xeoloxía Historia da Filosofía
15,30-17,00	Matemáticas aplicadas ás CCSS Fundamentos da Arte II	14,30-16,00	Descanso	Descanso
17,00-17,30	Descanso	16,00-17,30	Debuxo Técnico II Artes Escénicas Segunda Lingua Estranxeira II	Incidencias non previstas
17,30-19,00	Economía da Empresa Deseño	17,30-18,00	Descanso	
		18,00-19,30	Química Grego II	

Instrucións

<http://ciug.gal/PDF/instruionsabau.pdf>

- Todos os alumnos/as deberán acudir à presentación o primeiro día as 9,00 horas e despois presentarse a realizar os exercicios à hora sinalada para o comezo de cada un deles. O alumnado que só se examine da parte voluntaria e non teña erros na súa matrícula pode presentarse no momento de realizar os exames. Para realizar os exames, o alumnado deberá levar consigo o DNI ou pasaporte ou permiso de residencia, resgardo de matrícula e xustificante de pagamento, bolígrafo ou pluma de tinta indeleble azul ou negra, material axeitado para a realización do exercicio de Debuxo Técnico II e Deseño, dicionario de Latín-español ou Grego-español e unha calculadora.
- Cada alumno/a poderá levar xel hidroalcoólico, panos de usar e tirar e bebida.
- O alumnado poderá introducir na aula unha mochila ou bolsa coas pertenzas pero cumprindo a normativa.
- No lugar de exame haberá reloxo ben visibles ou o vogal informará periódicamente de canto

tempo queda.

- No momento da presentación, o tribunal asignaralle un posto de exame a cada alumno/a
- Aquele alumno/a que detecte algún erro na súa matrícula da ABAU deberá comunicarllelo ao Presidente da Comisión Delegada (CD) na hora establecida para a presentación, mediante un formulario oficial que se poderá recoller na sede da CD. Unha vez finalizada a hora de presentación non se permitirá ningún cambio. Á alumna ou alumno que se examine dunha opción distinta á que figure na súa matrícula ou na solicitude de cambio de matrícula que se lle entregase ao presidente/a da comisión delegada, anularáselle o exame da materia ou materias que non figuren na súa matrícula ou na súa solicitude de cambio desta.
- Ao empezar as probas, o alumnado recibirá un xogo de adhesivos cun código de barras que os identifica, son persoais e intransferibles. É fundamental o bo coidado destas etiquetas de identificación, non deben dobrarse nin modificarse de ningún xeito. Recoméndaselle tamén que non deixen os adhesivos nas aulas nen ao alcance de persoas estranas.



- Todos/as os/as alumnos/as deberán manter os pavillóns auditivos despexados para a verificación de que non se usan dispositivos auditivos non permitidos.
- Os exames son anónimos e non poden asinarse nin deberán presentar marcas de ningún tipo (fluorescentes, subliñados en cor, etc), que poidan permitir unha eventual identificación persoal. Non observar esta norma pode ser causa de anulación do exame.
- En cada unha das probas entregaráselle a cada estudante un caderno de exame formado por dúas follas A3 (7 páxinas A4 en branco) e unha cabeceira adhesiva (portada). Para redactar as respostas o alumnado pode utilizar as 7 páxinas en branco.
- En cada proba só pode utilizar un único caderno de exame ao que non se lle poderán arricar nin engadir follas.
- Cada proba presenta varias preguntas, sendo todas susceptibles de ser elixidas. En cada proba indicárase o número de preguntas que se deben responder. O/a alumno/a debe indicar claramente as preguntas ás que vai responder e non poderá responder a máis preguntas das sinaladas no texto inicial do exame. Se responde a máis preguntas das indicadas, debe tachar as que non quere que se corrixa e só se corraxirá o número de preguntas indicado que figure en primeiro lugar no caderno de exame.
- Non se poderá abandonar a aula ata transcorrer media hora desde o comezo de cada exercicio.

- O acceso a aula de exame implica sempre a entrega obrigatoria do caderno de exame debidamente etiquetado, aínda que se deixase en branco.
- Os exames deberán entregárselle a un membro do tribunal, para que este comprobe que se lle entrega nas condicións debidas. En ningún caso se deixarán os exames enriba das mesas.
- Se un/unha estudante non se presenta a algún dos exercicios da Parte Obrigatoria da ABAU, na cualificación figurará Non Presentado e computará para o cálculo como cero.
- No exame de Latín II poderá utilizarse o dicionario de latín-español/galego e permitirase o uso dos seus apéndices gramaticais, pero non daquelas páxinas (interiores ou apéndices) con contidos literarios e de evolución do latín ao castelán ou ao galego. Neste caso deberase comunicar aos membros da Comisión Delegada e gramparanse ou separaranse as páxinas mencionadas antes do comezo do exame.
- Para o exame de Grego II pódese utilizar calquera dicionario de Grego-Español e o seu apéndice gramatical. Os/as vogais das comisións delegadas poderán revisar os apéndices gramaticais para comprobar que non hai anotacións. De detectarse anotacións nestes, instarase o alumno ou alumna a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos.
- Están permitidas calculadoras só para os exercicios de Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás CCSS, Física, Química e Economía da Empresa. Non poden utilizarse calculadoras que sexan programables, dispoñan de pantalla gráfica ou permitan a resolución de ecuacións ou operacións con matrices, cálculo de determinantes, cálculo de derivadas ou integrais. Tampouco poderán almacenar datos alfanuméricos. Non pode haber nada escrito nas calculadoras ou nas súas fundas. No caso de dúbida o Tribunal requiriralle ao alumno/a a calculadora para valorar as súas características. De comprobarse que é programable ou con capacidade gráfica, retiráselle e non se lle permitirá o uso doutro dispositivo aínda que este cumpra os requisitos.



- Non están permitidos reloxo, teléfonos móbiles, ou calquera outro dispositivo electrónico. A presenza de material non permitido no posto de exame será motivo de medida disciplinaria: terá que saír da aula e poráselle un cero nese exame.



- No caso de que se detecte a alguén copiando ou non respectando estas instrucións,

instaráselle a saír da aula e nese exame poráselle un cero. Pódense aplicar sancións que impliquen a anulación total da ABAU.

Estructura ABAU

Parte Obrigatoria: Duración de cada exame máximo unha hora e media.

- Lingua castelá e literatura II
- Lingua galega e literatura II
- Historia de España
- Primeira Lingua estranxeira II (opción lingüística cursada)
- Materia troncal de modalidade cursada de 2º (Matemáticas II, Latín II, Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II ou Fundamentos da Arte II)

MATERIAS TRONCAIS XERAIS E MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA			
- Historia de España			
- Lingua Castelá e Literatura II			
- Lingua Galega e Literatura II			
- Primeira Lingua Estranxeira II: <i>Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués</i> (Opción lingüística cursada)			
MATERIA DE MODALIDADE (cursada)			
ARTES	CIENCIAS	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES
- Fundamentos da Arte II	- Matemáticas II	- Matemáticas aplicadas as Ciencias Sociais	- Latín II
Nota: No caso da materia de modalidade o alumnado terá que examinarse obrigatoriamente da materia troncal correspondente á modalidade de Bacharelato cursado.			

Parte Voluntaria: O/a estudante/a que queira mellorar a súa cualificación de admisión poderá examinarse dun máximo de catro materias, a elixir entre as materias de opción do bloque das troncais de segundo curso de bacharelato de calquera modalidade, e as materias xerais troncais específicas de modalidade distintas daquela da que se examinen na parte obrigatoria da proba. Así mesmo, os estudantes/as poderán examinarse dunha das opcións lingüísticas (Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués) da segunda lingua estranxeira II distinta da que cursasen como materia xeral do bloque de materias troncais. Duración de cada exame: máximo unha hora e media

MATERIAS OBJETO DE EXAME NA PARTE VOLUNTARIA		
MATERIAS DE OPCIÓN (para todas as Modalidades)		MATERIAS DE MODALIDADE (agás aquela da que se examinou na Parte Obrigatoria)
- Artes Escénicas	- Grego II	- Fundamentos da Arte II (agás Bacharelato de Arte)
- Bioloxía	- Historia da Arte	- Latin II (agás Bacharelato de Humanidades)
- Cultura Audiovisual II	- Historia da Filosofía	- Matemáticas II (agás Bacharelato de Ciencias)
- Debuxo Técnico II	- Química	- Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II (agás Bach. C. Sociais)
- Deseño	- Xeoloxía	MATERIA OPTATIVA <i>Nota:</i> A opción lingüística escollida será diferente da opción da que se examina na <i>Primeira Lingua Estranxeira II</i> .
- Economía da Empresa	- Xeografía	
- Física II		- Segunda Lingua Estranxeira II: Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués
<i>Nota:</i> a efectos de organización da proba, o alumnado indicará na solicitude de matrícula da ABAU a materia ou materias (máximo catro materias) das que se examinará na Parte Voluntaria.		

3. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Parte Obrigatoria:

- Cada exercicio cualificarase entre 0 e 10 puntos con dúas cifras decimais
- A cualificación da parte obrigatoria da proba será a media aritmética da cualificación de tódolos exercicios (de 0 a 10 con tres decimais).
- Para ser declarado/a apto/a deberase obter, alomenos, 4 puntos.
- Considerarase superada a proba de acceso á universidade cando o/a estudante obtivese unha nota igual ou superior a 5 puntos como resultado da media ponderada do 60% da nota media do bacharelato e o 40% da cualificación da parte obrigatoria.
- A cualificación da Parte Obrigatoria terá validez indefinida, sempre que se teña superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade.

Parte Voluntaria:

A Parte Voluntaria é completamente optativa e permíteche sumar ata 4 puntos á túa nota de admisión, no caso de que as devanditas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido/a.

- Poderanse examinar dun máximo de 4 materias a elixir entre as materias troncais de opción de 2º ou troncais de modalidade distintas daquela da que te examinaron na parte obrigatoria da proba. Tamén poderanse examinar dunha das opcións lingüísticas (Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués) da segunda lingua estranxeira II distinta da que cursasen como materia xeral do bloque de materias troncais.
- Cada unha das materias na Parte Voluntaria será cualificada de 0 a 10 puntos con dúas cifras decimais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.
- Para a mellora da nota de admisión, terase tamén en consideración a cualificación obtida

na parte obrigatoria na materia xeral específica de cada modalidade do bloque das troncais (Matemáticas II, Latín II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II e Fundamentos da Arte II), sempre e cando a cualificación acadada na materia sexa superior ou igual a 5 puntos.

- Tomarase en consideración as dúas cualificacións que proporcionen mellor nota de acceso.
- Aos efectos do acceso á universidade, a cualificación das materias da Parte Voluntaria terá validez durante os dous cursos académicos seguintes a súa superación. Así, por exemplo, para alguén que superase a/as materia/s obxecto de exame na Parte Voluntaria da proba na convocatoria ordinaria ou extraordinaria do ano 2021, a validez destas será para o acceso á universidade no curso 2021-2022 e 2022-2023.
- Non é necesario ter cursado unha materia para examinarse dela.

É conveniente presentarse á Parte Voluntaria para subir nota, casi todos os títulos de Grao do SUG teñen límite de prazas. Consulta os parámetros de ponderación das distintas materias publicados na CIUG e a túa disposición no departamento de orientación ou no enderezo:

<https://ciug.gal/PDF/ponderacions.pdf>

A cantas materias me podo presentar na Parte Voluntaria?

Ti decides de cantas te examinas. En Galicia pódete presentar ata 4 materias distintas das que te examinaste na Parte Obrigatoria.

Como se calcula a cualificación da Parte Voluntaria?

As notas que acadas en cada materia desta fase multiplícanse por 0'2 se a universidade designou a materia como prioritaria para a titulación á que queres acceder ou 0'1 se non.

No mellor caso, se te examinas de dúas materias cualificadas como prioritarias para a titulación que queres estudar, e acadas un 10 en ambas, sumarás 4 puntos adicionais directamente á túa nota de admisión. Cálculase así: $(10 \times 0'2) + (10 \times 0'2) = 4$

Poñamos outro exemplo:

- Nota media de Bacharelato: 7'80
- Nota da Parte Obrigatoria: 7'200
- Nota de acceso: $(0'60 \times 7'80) + (0'40 \times 7'200) = 7'560$

Parte Voluntaria:

- Materia 1 (clasificada como prioritaria): 9'20
- Materia 2 (clasificada como non prioritaria): 8'40
- Cálculo puntuación fase específica: $(9'20 \times 0'2) + (8'4 \times 0'1) = 2'68$

Nota de admisión: $7'560 + 2'68 = 10'240$

NAD (Nota de admisión) = 0,6 * NMB + 0,4 * CPO + a * M1 + b * M2	
NMB	Nota media do bacharelato
CPO	Cualificación da Parte Obrigatoria da proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU).
M1, M2	Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examinase o alumno/a na Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade da Parte Obrigatoria, que proporcionen mellor nota de acceso.
a, b	Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade da proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) que proporcionen mellor nota de acceso.

Por que é tan importante a nota de admisión?

Cando un título de grao ten límite de prazas, é dicir, ten menos prazas dispoñibles que número de estudantes/as que desexan estudar esa titulación en dita universidade, o único criterio que as universidades públicas teñen para conceder ou denegar unha praza é a nota de admisión dos estudantes/as.

O proceso é o seguinte: todas as solicitudes que a universidade recibe de estudantes/as que desexan estudar un determinado título de Grao as ordena de máis a menos nota e vai asignando as prazas a aqueles/as estudantes/as que teñen mellor nota de admisión. O/a último/a estudante/a que consegue entrar nun determinado Grao da universidade é o que marca a nota de corte para ese ano, e serve de estimación para o ano seguinte. Por iso, as notas de corte cambian dun ano a outro, xa que dependen do número de prazas que se oferten no título e do número e da nota media dos alumnos que soliciten entrar nese Grao. Será sempre unha nota diferente para cada ano e para unha mesma titulación. Son só unha orientación para o ano seguinte, porque podemos ver cal foi o/a alumno/a que entrou coa peor nota.

Aquí podes consultar as notas de corte e a oferta de prazas do curso 20-21 :

<https://ciug.gal/PDF/notascorte2020.pdf>

4. PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DA ABAU

Na convocatoria ordinaria:

Xoves 17 de xuño: Publicación na CIUG, nos LERD e na internet das cualificacións provisionais da ABAU (a partir das 20,00 horas)

Xoves 17 de xuño: faranse públicas as cualificacións definitivas despois da resolución das solicitudes de revisión (a partir das 20:00 horas)

A partir do 22 de xuño: Tarxetas de cualificación (para os/as que non soliciten revisión), o 24 xeraranse en NERTA as tarxetas coa cualificación definitiva.

Do 18 ao 22 de xuño (ata as 14:00h. do 22 de xuño): Prazo para solicitude de revisión da cualificación. As solicitudes de revisión faranse a través da aplicación informática NERTA, empregando o seu código de acceso. O alumnado deberá gardar copia da súa solicitude en calidade de resguardo e xustificación de presentación desta. Este procedemento é único e consiste no

seguinte:

- a) En primeiro lugar, analizarase se houbo algún erro material na corrección do exame da persoa interesada (sumas mal calculadas ou preguntas sen corrixir). No caso de existir algún erro material, modificarase a cualificación, tanto á alza como á baixa. A cualificación provisoria obtida (identificada como P) pasa a ser a nova cualificación despois de modificar segundo o erro material detectado. No caso de non haber erros materiais, mantense como cualificación provisoria a cualificación orixinal (identificada tamén como P).
- b) Deseguido, realizarase unha segunda corrección por un novo corrector/a especialista, distinto ao que efectuou a primeira corrección. Se esta segunda cualificación (identificada como S) ten unha diferenza menor de dous puntos, a cualificación definitiva será a media aritmética entre S e P, nomeadamente $(S+P)/2$.
- c) No suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre ambas as cualificacións (P e S), un terceiro profesor/a especialista distinto dos anteriores efectuará unha terceira corrección (identificada como T). Neste caso, a cualificación definitiva será a media aritmética das tres cualificacións, nomeadamente $(P+S+T)/3$.

Para a consultas dos exames poderá facerse a solicitude entre o 25 e o 29 de xuño (ata as 14:00h.) Poderanse ver o 5 de xullo a partir das 10,00h.

Na convocatoria extraordinaria:

Do 28 ao 29 de xuño: Matrícula da ABAU extraordinaria

13-14-15 de xullo: Exercicios da ABAU da convocatoria extraordinaria

21 de xullo Publicación das cualificacións da ABAU da convocatoria extraordinaria

21-22 de xullo xeración en NERTA das tarxetas de cualificación provisorias.

22-26 Revisión das cualificacións

27 de xullo xeración en NERTA das tarxetas de cualificación com modificación de nota

28-29 de xullo Prazo para solicitar ver os exames

30 de xullo Día para ver os exames.

5. PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA EN CENTROS CON LÍMITE DE PRAZAS

Para o acceso as titulacións do SUG é necesario cubrir unha solicitude de admisión (preinscrición) dentro dos prazos establecidos: a través da aplicación NERTA ou entregándoa debidamente cuberta nos LERD.

Convocatoria ordinaria (calendario provisional pendente de aprobación):

- Do 22 ao 30 de xullo Solicitudes de admisión no SUG: Cada alumno/a, presente ou non

revisión de cualificacións, poderá presentar un único impreso de solicitude, no que indicará por orde de preferencia as titulacións nas que desexa matricularse.

- Na solicitude de admisión poderanse solicitar ata cinco ensinanzas universitarias diferentes, podendo chegar ata un máximo de dez peticións se as solicitudes se corresponden con ensinanzas universitarias iguais impartidas en diferentes centros.
- É fundamental a orde de preferencia, posto que o/a alumno/a será admitido/a nunha única titulación, que será aquela de maior preferencia na que acade a nota do último/a alumno/a admitido/a. Unha vez admitido/a nunha titulación, o resto das titulacións solicitadas de menor preferencia eliminaranse automaticamente da lista de agarda.
- Os/as que estén nas listas de espera e non foron convocados/as a matrícula en ningunha das titulacións solicitadas despois dos 4 primeiros chamamentos, poderán modificar a súa solicitude do 24 ao 26 de xullo.
- Os/as que solicitan ser admitidos/as na convocatoria extraordinaria, realizarao do 22 ao 28 de xullo.
- 8 XULLO: PUBLICACIÓN DA 1ª LISTAXE DE ADMITIDOS E DE AGARDA
- 9-12 XULLO: **1º PRAZO DE MATRÍCULA** (ata as 14,00 h do día 12) e confirmación para continuar nas listaxes de espera.
- 14 DE XULLO: PUBLICACIÓN DA 2ª LISTAXE DE ADMITIDOS E DE AGARDA
- 15-16 DE XULLO: **2º PRAZO DE MATRÍCULA** (ata as 14,00 h do día 16) e confirmación para continuar nas listaxes de espera.
- 20 DE XULLO: PUBLICACIÓN DA 3ª LISTAXE DE ADMITIDOS E DE AGARDA
- 21-22 XULLO: **3ª PRAZO DE MATRÍCULA** (ata as 14.00 h. do día 22)
- 23 XULLO: PUBLICACIÓN DA 4ª LISTAXE DE ADMITIDOS E DE AGARDA
- 24-27 XULLO: **4º PRAZO DE MATRÍCULA** (ata as 14.00 h do día 27) e confirmación para continuar nas listaxes de espera.
- 24-26 XULLO: Prazo de modificación da preinscripción
- 29 XULLO: PUBLICACIÓN DA 5ª LISTAXE DE ADMITIDOS E DE AGARDA
- 30 DE XULLO-2 AGOSTO: **5º PRAZO DE MATRÍCULA** (ata as 14.00 h. do día 2) e confirmación para continuar nas listaxes de espera.
- 3 AGOSTO: PUBLICACIÓN DA 6ª LISTAXE DE ADMITIDOS E DE AGARDA
- 4-5 AGOSTO: **6º PRAZO DE MATRÍCULA** (ata as 14.00 h do día 5) e confirmación para continuar nas listaxes de espera.
- 6 AGOSTO: PUBLICACIÓN DA 7ª LISTAXE DE ADMITIDOS E DE AGARDA
- 7-10 AGOSTO: **7º PRAZO DE MATRÍCULA** (ata as 14.00 h. do día 10)
- 11 AGOSTO: PUBLICACIÓN DA 8ª LISTAXE DE ADMITIDAS E DE AGARDA
- 12-13 AGOSTO: **8º PRAZO DE MATRÍCULA** (ata as 14.00 h. do día 13)

Convocatoria extraordinaria (calendario provisional pendente de aprobación):

- 29 XULLO: PUBLICACIÓN DA 5ª LISTAXE DE ADMITIDOS E DE AGARDA 1ª listaxe para os/as da convocatoria extraordinaria
- 30 DE XULLO-2 AGOSTO: **5º PRAZO DE MATRÍCULA** (ata as 14.00 h. do día 2) e confirmación para continuar nas listaxes de espera. 1º prazo para os/as da convocatoria extraordinaria.
- 3 AGOSTO: PUBLICACIÓN DA 6ª LISTAXE DE ADMITIDOS E DE AGARDA. 2ª listaxe para os/as da convocatoria extraordinaria.
- 4-5 AGOSTO: **6º PRAZO DE MATRÍCULA** (ata as 14.00 h do día 5) e confirmación para continuar nas listaxes de espera. 2º prazo para os/as da convocatoria extraordinaria
- 6 AGOSTO: PUBLICACIÓN DA 7ª LISTAXE DE ADMITIDOS E DE AGARDA. 3ª listaxe para os/as da convocatoria extraordinaria.
- 7-10 AGOSTO: **7º PRAZO DE MATRÍCULA** (ata as 14.00 h. do día 10). 3º prazo de matrícula para os/as da convocatoria extraordinaria
- 11 AGOSTO: PUBLICACIÓN DA 8ª LISTAXE DE ADMITIDAS E DE AGARDA. 4ª listaxe para os/as da convocatoria extraordinaria.
- 12-13 AGOSTO: **8º PRAZO DE MATRÍCULA** (ata as 14.00 h. do día 13). 4º prazo para os/as da convocatoria extraordinaria, derradeiro.

Consultade as datas de publicación de listaxes e prazos de matrícula na páxina web da CIUG.

https://ciug.gal/PDF/Acceso2021/calendario_preinscripcion.pdf

Prazos dos Chamamentos de Matrícula nas Universidades do SUG				
Convocatoria	Prazo	Data listaxe	Datas de Matrícula (*)	Mes
ORDINARIA	1º	8	9 a 12	Xullo
	2º	14	15 e 16	
	3º	20	21 e 22	
	4º	23	24 a 27	
	5º	29	30 xullo a	
			2 agosto	Agosto.
	6º	3	4 e 5	
	7º	6	7 a 10	
	8º	11	12 e 13	
EXTRAORDINARIA	5º	29	30 xullo a	Xullo
			2 agosto	Agosto
	6º	3	4 e 5	
	7º	6	7 a 10	
	8º	11	12 e 13	

6. DIRECCIÓN DE INTERÉS

O alumnado que así o desexe pode optar a unha praza en calquera Universidade Española.

É urxente que vos poñades en contacto coas distintas Universidades para saber cal é o seu prazo de pre-inscrición.

<http://ciug.gal/universidades.php> (Listaxe universidades de España e direccións)

<http://ciug.gal/PDF/serviciosinformacion.pdf> (Servicios de información de preinscrición universitaria)

<http://ciug.gal/index.html> CIUG, Comisión Interuniversitaria de Galicia, Teléfono: 881813452

<http://ciug.gal/lerds.php> Lugares de Entrega e Recollida de documentación, LERD. O correspondente ao IES David Buján é o LERD 3, Campus de Elviña - A Coruña, Pavillón de Estudantes, Campus de Elviña 15192A. Coruña. Telf. 881011190//881011192//881011356//881012358//881012388. Correo: lerdcoruna@udc.es



UNIVERSIDADE DE CORUÑA

- LERD 3 Campus de Elviña - A
Coruña Pavillón de estudantes
- Campus de Elviña 15192A
Coruña

Telf. [881 011 190](tel:881011190) // [881 011 192](tel:881011192) // [881 011 356](tel:881011356) // [881 012 358](tel:881012358) // [881 012 388](tel:881012388)
Correo: lerdcoruna@udc.es

www.udc.es Universidade da Coruña

<https://matricula.udc.es/matriculaprimero/>

www.usc.es Universidade de Santiago

<https://matricula.usc.es/matriculaPrimero/>

www.uvigo.es Universidade de Vigo

<https://matricula.uvigo.es/matriculaprimero/>

www.uned.es UNED

<http://www.educacion.es/portada.html> Ministerio de Educación e Ciencia

7. CONSELLOS PRÁCTICOS

Antes dos exames ten en conta que...

- Non debes quedar a estudar pola noite o día anterior. Descansa o mellor que poidas e non intentes repasar todo no último momento: o único que vas conseguir é crear unha falsa sensación de que non sabes nada.
- Asegúrate previamente do día, lugar e hora dos exames. Ten prevista a forma de desprazamento e sae con tempo suficiente.
- Asegúrate de levar todo o material preciso: bolígrafos, material de debuxo... Lembrade as cousas non permitidas.
- Durante eses días aliméntate con normalidade, sen tomar calmantes....
- Procura chegar á convicción psicolóxica de que vas aprobar.
- As técnicas de relaxación e respiración poden resultar útiles para manter uns niveis de ansiedade aceptables.

Durante os exames ten en conta que...

- Tódolos exames aparecen en galego e castelán, menos os exercicios específicos desas materias. Podes facer o exame en calquera destas linguas, menos nos exames de Linguas e Literaturas, que serán obrigatoriamente no idioma de que se traten.
- Debes empregar tempo en averiguar cales serán as cuestións que che convén responder.
- Debes usar boa letra, de fácil lectura, con palabras e liñas espaciadas. A mala letra esixe un maior esforzo por parte do corrector/a e se algunha parte fose ilexíble podería quedar anulada.
- Debes deixar marxes superiores e laterais amplas e regulares.
- Numera claramente as respostas e deixa espazo entre unha e outra.
- Céntrate o máximo posible no que se che pregunta.
- As riscaduras deberán ser mínimas, suficientemente visibles pero nunca recargadas.
- Se esqueces algún aspecto e queres engadilo, debes utilizar un asterisco ou un número pequeno onde corresponda a aclaración e situar esta, co seu número correspondente ou

asterisco, ao final da pregunta (se tes espacio suficiente) ou do exame.

- Controla o tempo do que dispós.
- Ás veces é útil de cara a unha posible reclamación anotar algún aspecto na folla do exame que, en condicións normais, podes lebar contigo aínda que non debes perder tempo nisto. Céntrate sempre no exame.
- REPASA O EXAME ANTES DE ENTREGALO.
- NON PODES ASINAR NIN POÑER NO EXERCICIO NINGÚN SINAL DE IDENTIFICACIÓN. UN EXERCICIO ASINADO SERÍA CUALIFICADO CUN CERO.

Despois dos exames

Non recomendamos adicarte a comentar cos demais o que puxeches no exame, pois o normal é que aparezan contradicións e te desanimas ao pensar que o fixeches mal (ou agobiar ós demais coa mesma preocupación) isto vai repercutir negativamente no exame seguinte.

8. BECAS E RESIDENCIAS UNIVERSITARIAS

- Consultade no enderezo do MEC e nas distintas Universidades, no Departamento de orientación axudarémote no que precisades. A data para a solicitude da última convocatoria xeral de becas comezou o 9 de agosto de 2020 e rematou o 15 de outubro do 2020:
<http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/becas-ayudas.html>
- Hai outros tipos de becas. Teredes que estar atentos ás distintas convocatorias: consultade a Guía Ti Elixes no blog “orientatron”.
- Todas as universidades contan nas súas páxinas web cunha listaxe de bolsas e axudas, consúltao.
- A convocatoria de prazas nas residencias propias das Universidades. A admisión realízase segundo un baremo que ten en conta criterios económicos e académicos.

<http://www.udc.es/sape/aloxamento/> Para consultar sobre o aloxamento na Universidade de Coruña

<http://www.usc.es/gl/servizos/sur/index.html> Para consultar residencias na Universidade de Santiago

http://estudiantes.uvigo.es/estudiantes_gl/siope/servizos/index.html Para consultar aloxamento na Universidade de Vigo

9. PROCEDIMIENTO NO CURSO 20-21 PARA A ADMISIÓN E MATRÍCULA AOS CICLOS DE GRAO SUPERIOR

O prazo de presentación de solicitudes foi o seguinte:

- Período ordinario: do 25 de xuño ao 8 de xullo ás 13:00h.
- Período extraordinario: do 1 ao 9 de setembro ás 13:00h

As solicitudes presentadas no período ordinario terán prioridade sobre as presentadas no período extraordinario.

Deberase cubrirse unha única solicitude, para cada modalidade e grao que se desexe cursar. A solicitude farase empregando o asistente da aplicación informático que se atopa no enderezo web <http://www.edu.xunta.es/fp>. A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación indique que para ser unha solicitude válida terá que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, nun centro con oferta de FP sostida con fondos públicos, para ser selada, datada e validada.

No caso de erros na instancia validada, e só durante o prazo de presentación de solicitudes, poderán xerarse e validarse outra/s solicitude/s de admisión. Só se considerarán os datos da derradeira solicitude válida.

Os datos das solicitudes admitidas e excluídas publícanse nas listaxes de solicitudes provisional e definitiva; non son listaxes de prazas adxudicadas. Os datos de identificación serán substituídos por un código de consulta persoal nas listaxes.

Manifestarase os ciclos que solicita nese documento, por orde de preferencia, indicando o centro onde desexa cursar. Pódese consignar 5 preferencias de ciclos como máximo. Os ciclos solicitados e o centro onde se imparten deberán ser identificados mediante o código do ciclo e o código do centro onde se ofrece. Poderedes consultar os códigos na páxina web:

<https://www.edu.xunta.es/centroseducativos/>

Estar matriculado en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT) ou ter unha praza adxudicada de FP dual ou dun curso de especialización de FP implica a exclusión dos procesos de admisión a ciclos formativos. Deste xeito, tan pronto se efectúe unha matrícula as solicitudes desa persoa son excluídas do proceso de admisión, agás o establecido para as solicitudes de matrícula simultánea.

Calendario do proceso de admisión curso 20-21

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	25 de xuño ás 9:00 ao 8 de xullo ás 13:00 horas
Listaxe provisional de solicitudes	13 de xullo
Reclamación á listaxe provisional	13 ás 9:00 ao 15 de xullo ás 13:00 horas
Listaxe definitiva de solicitudes	21 de xullo
1ª adxudicación	21 de xullo
Matriculación 1ª adxudicación	21 ás 9:00 ao 27 de xullo ás 13:00 horas
2ª adxudicación	29 de xullo
Matriculación 2ª adxudicación	29 ás 9:00 ao 31 de xullo ás 13:00 horas

Período extraordinario de admisión	
1ª adxudicación* <small>* Sobre as listaxes de espera do período ordinario.</small>	2 de setembro
Matriculación 1ª adxudicación	2 ás 9:00 ao 4 de setembro ás 13:00 horas
Presentación de solicitudes	1 ás 9:00 ao 9 de setembro ás 13:00 horas
Listaxe provisional de solicitudes	11 de setembro
Reclamación á listaxe provisional	11 ás 9:00 ao 15 de setembro ás 13:00 horas
Listaxe definitiva de solicitudes	18 de setembro
2ª adxudicación	18 de setembro
Matriculación 2ª adxudicación	18 ás 9:00 ao 22 de setembro ás 13:00 horas

Os/as solicitantes de 1º curso de FP poderán renunciar á praza adxudicada e permanecer no proceso, á espera de que lles sexa adxudicada alguna das opcións manifestadas nas opcións de maior prioridade á adxudicada. A renuncia afectará á praza que fora adxudicada e a todas as preferencias sinaladas en lugares posteriores a ese.

Entón, logo de adxudicárselle unha praza, a persoa solicitante ten dúas posibilidades:

- **Matricularse:** Para efectuar esta matrícula deberán obter o modelo de impreso de solicitude de matrícula (para o réxime ordinario ou para o réxime de persoas adultas segundo corresponda) que estará dispoñible en <http://www.edu.xunta.es/fp>. Este documento, cuberto coa matrícula e asinado, deberá entregarse persoalmente ou por persoa autorizada no prazo de matrícula establecido para a correspondente adxudicación no centro en que lle fose adxudicada a praza en que se vaia matricular. Así mesmo, está dispoñible o servizo de reserva/matriculación de praza a través da aplicación informática; esta é unha opción máis recomendable que a de efectualala de xeito presencial. De non efectuar a matrícula no prazo correspondente á praza adxudicada perderá o dereito á súa praza e só poderá matricularse no caso de existir prazas vacantes.

- **Renunciar á praza:** A renuncia afectará á praza que lle foi adxudicada e a todas as preferencias sinaladas en lugares posteriores a esa. Seguirase no proceso de adxudicación para as preferencias anteriores. A renuncia deberase realizar a través de internet na aplicación informática que se atopa no enderezo web <http://www.edu.xunta.es/fp>, seguindo o procedemento que se habilite para esta finalidade. Tamén se poderá realizar a renuncia co impreso correspondente, que estará dispoñible en <http://www.edu.xunta.es/fp>. Este documento, cuberto coa renuncia e asinado, deberá entregarse no prazo de matrícula establecido para a correspondente adxudicación en calquera centro de Galicia con oferta de formación profesional sostida con fondos públicos ou no centro no que lle fose adxudicada a praza á que vai renunciar. O feito de renunciar á adxudicación dunha praza do réxime ordinario é condición indispensable para permanecer na listaxe de espera dos ciclos de maior preferencia que a praza adxudicada. As persoas solicitantes admitidas no réxime ordinario que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado perderán o dereito á súa praza e só poderán matricularse no caso de existir prazas vacantes ou liberadas.

Distribución das prazas para cada ciclo

Grupo A BACH e equivalentes	Grupo B Título de técnico	Grupo C Proba de acceso e outros
Ata o 70%	Ata o 20%	Ata o 10%

Dentro de cada grupo establécese a relación ordenada de requisitos de acceso de maior a menor prioridade. Dentro de cada apartado, as solicitudes ordenaranse de maior a menor nota de acceso

Grupo A.

1. Alumnado con título de bacharelato da modalidade preferente, e coas materias vinculadas, que se determina no currículo do ciclo. A nota media, de maior a menor, das materias vinculadas empregárase nos casos de empate da nota media do bacharelato.
2. Alumnado con título de bacharelato da modalidade preferente, pero sen algunha das materias vinculadas, que se determina no currículo do ciclo.
3. Alumnado con título de bacharelato sen modalidade preferente das determinadas no currículo do ciclo.

Grupo B.

1. Alumnado con título de técnico de formación profesional da mesma familia profesional que o ciclo formativo de grao superior que se solicita.
2. Alumnado con título de técnico de formación profesional de diferente familia profesional que o ciclo formativo de grao superior que se solicita.

Grupo C.

1. Alumnado con proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional.
2. Alumnado con proba de acceso a universidade para maiores de 25 anos.
3. Alumnado con título de técnico superior ou de técnico especialista.

Consulta as modalidades preferentes de bacharelato e as materias vinculadas no seguinte enderezo: http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/8786

Consulta os criterios de desempate: http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/8784

Este documento contén información extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición resolverase atendendo a normativa vixente.

MOITA SORTE A TODAS E TODOS, E OS NOSOS INTENSOS DESEXOS DE QUE CONSIGANDES TODO O QUE VOS PROPOÑADES.

Aquí estaremos para o que precisedes.